

Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Última versión

Modificacións

- Orde do 6 de xuño de 2012.
Artigo 11 apartado 2 nova redacción por artigo único.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, ditouse co obxecto de superar as carencias universitarias de Galicia nese momento e reordenar o Sistema Universitario de Galicia atendendo a criterios de desenvolvemento e renovación que terán en conta as características e exixencias demográficas, científico-educativas, socioeconómicas e socioculturais da sociedade galega.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece que a implantación e supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, serán acordadas pola Comunidade Autónoma e, para tal fin, as universidades deberán obter do Consello de Universidades a verificación do oportuno plan de estudos.

O Espazo Europeo de Educación Superior, organizado sobre os principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade, oríentase á creación dun sistema estruturado en tres ciclos: grao, máster universitario e doutoramento e á consecución, entre outros obxectivos, de asegurar un nivel de calidade adecuado á educación universitaria europea no contexto internacional.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, e o Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, flexibiliza a organización das ensinanzas universitarias, promovendo a diversificación curricular e permitindo que as universidades aproveiten a súa capacidade de innovación, as súas fortalezas e oportunidades.



Neste marco normativo, aprobouse o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que regula un novo marco procedementa para que as universidades galegas, no ámbito da súa autonomía e coa maior flexibilidade, poidan definir a organización, estrutura e contidos das ensinanzas universitarias oficiais, así como obter a garantía de que a oferta destas ensinanzas e títulos oficiais responde a criterios de calidade e a unha adecuada planificación.

Esta orde ten por obxecto desenvolver as especificacións contidas no mencionado decreto, regulando os diversos procedementos que clarifiquen e faciliten a planificación e desenvolvemento da oferta de ensinanzas oficiais no eido do Sistema Universitario de Galicia.

Na súa virtude, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e logo de informe do Consello Galego de Universidades

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Constitúe o obxecto desta orde o desenvolvemento da regulación do procedemento para a obtención, polas universidades do Sistema Universitario de Galicia, de autorización para impartir as ensinanzas universitarias oficiais conducentes aos títulos de grao, máster universitario e doutoramento, así como a modificación e supresión destas, establecido no Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Cumprimento dos requisitos.

Os plans de estudo das ensinanzas universitarias oficiais conducentes aos títulos de grao, máster e doutoramento que pretendan implantar as universidades, serán elaborados por estas cumprindo os requisitos regulados no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, e no Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO I Informe previo de envío a verificación

Artigo 3. Informe previo de envío a verificación.



1. Con anterioridade á solicitude de verificación dos plans de estudo polo Consello de Universidades, o departamento competente en materia de universidades realizará un informe previo para o cal poderá recadar a asistencia da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).
2. Mediante este informe comprobarase a pertinencia socioeconómica das ensinanzas universitarias oficiais propostas e a súa adaptación aos principios, requisitos xerais e específicos recollidos no Decreto 222/2011, do 2 de decembro.

Artigo 4. Solicitude de informe previo de envío a verificación.

1. A solicitude de informe previo será presentada ante o departamento competente en materia de universidades, polo/a reitor/a da universidade correspondente, con data límite do 14 de novembro, incluído, do ano anterior ao que se queira implantar. As solicitudes presentaranse no rexistro único da Xunta de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. No caso de titulacións interuniversitarias, a solicitude de informe previo será presentada polo/a reitor/a da universidade coordinadora, tramitándose un único expediente, sen prexuízo de que a autorización para a implantación da ensinanza se realice para cada unha das universidades do SUG participantes.
3. No caso de titulacións interuniversitarias coordinadas por unha universidade non integrada no SUG, as universidades galegas designarán entre elas a unha coordinadora para os efectos de solicitar á Xunta de Galicia o informe previo de envío a verificación.
4. As solicitudes presentadas fóra de prazo non serán admitidas.
5. As solicitudes non admitidas por extemporáneas poderán presentarse novamente para o seu informe no curso seguinte.

Artigo 5. Documentación que debe acompañar á solicitude.

1. A solicitude de informe previo de envío a verificación deberá acompañarse da seguinte documentación:
 - a) Memoria xustificativa, fidedigna e detallada, do cumprimento dos requisitos, xerais e específicos, recollidos nos artigos 4 e 5 do Decreto 222/2011. Estes requisitos acreditaranse, preferentemente, a través de fontes fiables e constatables da estatística pública. (Anexo I).
 - b) Memoria económica que conterá os datos relativos á infraestrutura material, recursos de persoal docente investigador e de persoal de administración e servizos, así como as diferentes fontes de financiamento, segundo o disposto no artigo 7 do Decreto 222/2011. (Anexo II).
 - c) Certificación do acordo do Consello de Goberno da universidade polo que se propón a implantación das ensinanzas. No suposto de que a iniciativa da implantación da ensinanza sexa

da Comunidade Autónoma, certificación do acordo do Consello de Goberno da universidade de aceptación da dita iniciativa.

d) Certificación do informe favorable emitido polo Consello Social da universidade, sobre a implantación das ensinanzas.

e) Memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais nos termos establecidos no anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado por Real decreto 861/2010, do 2 de xullo e, no caso de programas de doutoramento, memoria recollida no anexo I do Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro.

f) No caso de titulacións conxuntas, copia asinada do convenio no que se deberá facer referencia, como mínimo, á universidade responsable da custodia dos expedientes, expedición e rexistro do título, e á universidade competente para a tramitación do procedemento de modificación ou extinción dos plans de estudos.

g) No suposto de convenios con universidades estranxeiras deberá achegarse certificación do carácter oficial do título expedida pola autoridade competente ou, se é o caso, pola entidade acreditadora. A universidade correspondente do SUG custodiará os expedientes dos títulos que expida.

h) De non estar formalizado o convenio referido nas letras f) e g) no momento de ser presentada a solicitude de informe previo, deberá achegarse un documento no que conste a vontade de colaboración entre as universidades participantes e a universidade solicitante do informe. En todo caso, a autorización da implantación da titulación quedará supeditada á efectiva formalización do citado convenio.

2. En relación co documento recollido na letra e), memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, no suposto de que a memoria resultase modificada no posterior proceso de verificación do título, a universidade deberá achegar unha nova copia na que se indicará as modificacións efectuadas.

A documentación relacionada nas letras a), b) e e) deberá presentarse en formato electrónico.

Artigo 6. Tramitación do informe previo de envío a verificación.

1. Se a solicitude está incompleta ou non reúne a documentación requirida no artigo anterior, darase un prazo de 10 días para que a universidade emende a falta dos documentos preceptivos con indicación de que, se non o fixese así, terase por desistida a solicitude, logo de resolución, nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Unha vez completada a documentación, o departamento competente en materia de universidades, procederá a valorar a pertinencia socioeconómica da titulación proposta. Para estes efectos poderá remitir á ACSUG as memorias das letras a) e b) do artigo anterior, co fin de que esta se pronuncie, no prazo máximo de 20 días, sobre a adecuación aos criterios establecidos no Decreto 222/2011, do 2 de decembro.

3. Á vista da documentación presentada, e tendo en conta a valoración realizada pola ACSUG, o departamento competente en materia de universidades procederá á emisión do informe previo de envío a verificación, no prazo máximo de tres meses, contados desde a data de entrada da documentación no rexistro único da Xunta de Galicia.

4. O informe poderá ser favorable ou incluír recomendacións ou suxestións que permitan a adecuación das titulacións propostas aos principios e requisitos establecidos no Decreto 222/2011. A non adecuación aos principios e requisitos sinalados será causa suficiente para que a Comunidade Autónoma non autorice a implantación da titulación proposta.

CAPÍTULO II Autorización de implantación de ensinanzas universitarias oficiais

Artigo 7. Órgano competente.

A implantación de ensinanzas universitarias oficiais conducentes aos títulos de grao, máster e doutoramento, polas universidades do Sistema Universitario de Galicia, requirirá a autorización do departamento competente en materia de universidades da Xunta de Galicia.

Artigo 8. Procedemento para obter a autorización de implantación das ensinanzas universitarias oficiais.

1. Unha vez notificada a resolución de verificación positiva do Consello de Universidades, o/a reitor/a da universidade correspondente poderá solicitar do departamento competente en materia de universidades, a autorización para a implantación desta. Coa solicitude de autorización deberá achegarse copia da resolución de verificación positiva.

2. Así mesmo, deberá achegar copia da memoria de verificación no caso de que esta sufrise variacións no proceso de verificación, para valorar se eses cambios supuxeran alteracións substanciais das condicións nas que se emitiu o informe previo de envío a verificación.

3. O departamento competente en materia de universidades comprobará a adecuación da titulación proposta ao regulado no Decreto 222/2011, en cuxo caso elaborará unha proposta de orde pola que se autorice a implantación das ensinanzas oficiais de que se trate.

4. En todo caso, os expedientes para a autorización de implantación de ensinanzas universitarias oficiais someteranse ao informe preceptivo do Consello Galego de Universidades.

5. No caso de non adecuarse ao establecido no informe previo de envío a verificación, o departamento competente en materia de universidades, comunicará á universidade solicitante que dispón do prazo dun mes para adaptar a titulación ao requirido ou para presentar as alegacións que estime oportunas.

O departamento competente en materia de universidades resolverá, no prazo máximo de tres meses, contado desde a recepción da citada documentación. Contra esta resolución a universidade poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o/a titular da consellería competente en materia de universidades, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao

da súa recepción, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

6. A orde de autorización de implantación das ensinanzas universitarias oficiais publicarase no Diario Oficial de Galicia e comunicarse á universidade correspondente e ao ministerio competente en materia de universidades.

7. Unha vez aprobado o carácter oficial das ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster e doutoramento, a universidade publicará o plan de estudos no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado. A dita publicación incluírá os termos expresados no punto 5.1 da memoria incluída no anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e no anexo I do Real decreto 99/2011, do 10 de febreiro.

CAPÍTULO III Verificación, acreditación e seguimento dos títulos

Artigo 9. Verificación.

O plan de estudos elaborado pola universidade será enviado para a súa verificación ao Consello de Universidades a través da secretaría do dito órgano. A elaboración do informe de avaliación será efectuada pola ACSUG, órgano con competencias na Comunidade Autónoma de Galicia para a realización das funcións de avaliación, certificación e acreditación previstas no artigo 31 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, segundo establece a disposición adicional vixésimo sétima da Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo.

Artigo 10. Seguimento dos títulos.

Unha vez iniciada a implantación das ensinanzas correspondentes aos títulos oficiais inscritos no Rexistro Universitario de Centros e Títulos (RUCT), a ACSUG levará a cabo anualmente un seguimento do cumprimento do proxecto contido no plan de estudos verificado polo Consello de Universidades.

Artigo 11. Renovación da acreditación.

1. Os títulos universitarios oficiais deberán renovar a súa acreditación antes dos seis anos, no caso dos graos e doutoramentos, e de catro anos no dos máster, desde a data da verificación inicial ou desde a súa última acreditación, segundo o procedemento establecido no artigo 27 bis do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, na redacción dada polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

2. Seis meses antes do vencemento dos prazos referidos no punto anterior, a universidade correspondente comunicará ao departamento competente en materia de universidades a solicitude para a renovación da acreditación dos títulos oficiais.

3. Recibida a solicitude, o departamento competente en materia de universidades, remitirá á ACSUG para os efectos de avaliar que os plans de estudo se están a desenvolver conforme o

proxecto inicialmente verificado e as recomendacións realizadas durante o proceso de seguimento. A ACSUG establecerá os protocolos de avaliación necesarios para a verificación e acreditación, de acordo con estándares internacionais de calidade e conforme o disposto no capítulo VI do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro e no Real decreto 99/2011, do 10 de febreiro.

Orde do 6 de xuño de 2012.

Artigo modificado:Artigo 11 apartado 2 nova redacción por artigo único.

CAPÍTULO IV Plans de viabilidade

Artigo 12. Viabilidade.

1. No mes de xaneiro de cada ano, as universidades remitirán ao departamento competente en materia de universidades a documentación necesaria que acredite o número de alumnos de novo ingreso efectivamente matriculados en cada unha das titulacións oficiais ofertadas para ese curso académico.
2. No caso de que a media do número de alumnos de novo ingreso durante os últimos tres cursos nunha titulación oficial fose inferior ao establecido no artigo 6 do Decreto 222/2011, o departamento competente en materia de universidades requirirá a universidade afectada para que, no prazo máximo de tres meses presente un plan de viabilidade que modifique o plan de estudos, de modo que faga o título máis axeitado á demanda do ámbito social.
3. O plan de viabilidade será remitido á ACSUG que procederá á súa avaliación e notificará o resultado desta, no prazo dun mes desde a súa recepción, ao departamento competente en materia de universidades, quen o someterá a informe do pleno do Consello Galego de Universidades.
4. Emitido o dito informe, o departamento competente en materia de universidades procederá á aprobación do plan de viabilidade, mediante resolución que será notificada á universidade correspondente. Para estes efectos, valoraranse as características propias e específicas do título tendo en conta, especialmente, o carácter esencial e singular da titulación. En todo caso, garantirase o acceso dos egresados do Sistema Universitario de Galicia a estudos que permitan a especialización relacionada cos seus estudos previos.
5. Unha vez aprobado o plano de viabilidade, a ACSUG realizará un seguimento anual do cumprimento deste, e informará dos resultados ao Consello Galego de Universidades.
6. Non acadar os obxectivos propostos no plan de viabilidade será causa suficiente de informe desfavorable no proceso de renovación da acreditación do título coas consecuencias que de tal feito derivan, segundo o regulado no artigo 27 bis do Real decreto 1393/2007.



CAPÍTULO V Modificación dos plans de estudos

Artigo 13. Modificación dos plans de estudo conducentes a títulos oficiais.

1. As modificacións dos plans de estudos conducentes a títulos universitarios oficiais de grao, máster e doutoramento serán aprobadas polas universidades na forma que determinen os seus estatutos ou normas de organización e funcionamento, no Real decreto 1393/2007, no Real decreto 99/2011 e no Decreto 222/2011.
2. Con carácter previo á súa notificación ao Consello de Universidades, a universidade correspondente remitirá as modificacións propostas ao departamento competente en materia de universidades da Xunta de Galicia para que emita o preceptivo informe, nos prazos e condicións establecidas no capítulo I desta orde.
3. As propostas de modificación deberán presentarse con data límite o 14 de novembro do ano anterior ao curso académico en que se queira facer efectiva, e acompañarase dos documentos e da xustificación do cumprimento dos requisitos que correspondan entre os regulados no capítulo II do Decreto 222/2011. Así mesmo, acompañarase relación detallada das modificacións solicitadas.
4. A ACSUG, órgano responsable da avaliación das solicitudes de modificación dos plans de estudo dos títulos xa implantados, notificará, en todos os casos, o informe que resulte da dita avaliación, tanto ao departamento competente en materia de universidades da Xunta de Galicia como á universidade correspondente e dará conta destas ao Consello Galego de Universidades.
5. No caso de que as modificacións non sexan aceptadas ou o sexan parcialmente, a ACSUG remitirá, no prazo máximo de tres meses, o informe ao Consello de Universidades, que resolverá de acordo co contido do informe e notificará a correspondente resolución ao departamento competente en materia de universidades da Xunta de Galicia, todo iso segundo o disposto no artigo 28 do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo.

Artigo 14. Publicidade das modificacións.

1. No suposto de que as modificacións non supoñan un cambio na natureza e obxectivos do título e sexan aceptadas, a universidade responsable do título correspondente, procederá á publicación das modificacións na súa páxina web.
2. No suposto de que as modificacións aceptadas afecten o punto 5.1 da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, contida no anexo I do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e no anexo I do Real decreto 99/2011, do 10 de febreiro, a universidade deberá publicar novamente o plan de estudos no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.
3. As modificacións que afecten os termos da denominación do título deberán ser publicadas pola universidade no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado.



CAPÍTULO VI Extinción dos plans de estudos

Artigo 15. Extinción dos plans de estudos.

1. Entenderase extinguido un plan de estudos cando non supere o proceso de acreditación. Unha vez sexa firme a resolución do Consello de Universidades pola que se declara extinguido o plan de estudos, o ministerio competente en materia de universidades comunicaralla ao Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) para que se cause a baixa do título nel, o cal levará consigo a perda do seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
2. O departamento competente en materia de universidades acordará, mediante orde, a revogación da autorización de implantación para a impartición do título, unha vez que cause baixa no RUCT e perda do seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
3. As universidades adoptarán as medidas necesarias para salvagardar os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando eses estudos nos termos establecidos na resolución de extinción dos plans de estudos.

CAPÍTULO VII Supresión de ensinanzas

Artigo 16. Supresión de ensinanzas.

1. O departamento competente en materia de universidades poderá acordar, mediante orde, a supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial, ben por propia iniciativa, co acordo do Consello de Goberno da universidade, ou por iniciativa da universidade, por proposta do Consello de Goberno.

En ambos casos requirirase o informe previo favorable do Consello Social da universidade.

2. A proposta deberá presentarse con data límite o 14 de novembro do ano anterior ao que se queira suprimir a ensinanza.
3. A proposta deberá ser motivada e deberá incluír as medidas necesarias para garantir os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando eses estudos. No caso de ensinanzas interuniversitarias, achegarase o correspondente convenio e os documentos que, se é o caso, se especifiquen para a supresión.
4. Unha vez completado o expediente, o departamento competente en materia de universidades, solicitará o preceptivo informe á ACSUG.
5. Á vista do informe da ACSUG, o departamento competente en materia de universidades, acordará a supresión da ensinanza, mediante orde que se publicará no Diario Oficial de Galicia e comunicará ao Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) para que se cause a baixa do título nel. A supresión dunha ensinanza determinará a revogación da autorización de implantación desta.



CAPÍTULO VIII Revogación da autorización de implantación

Artigo 17. Revogación da autorización de implantación.

O departamento competente en materia de universidades poderá acordar a revogación da autorización de implantación dunha ensinanza oficial, mediante orde que será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 18. Causas de revogación da autorización de implantación.

Serán causas de revogación da autorización de implantación dunha ensinanza oficial:

1. O incumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos ao solicitar a autorización de implantación.
2. A non impartición dunha titulación.
3. A extinción do plan de estudos.
4. A supresión da ensinanza oficial.

Artigo 19. Procedemento para a revogación da autorización de implantación.

1. Se con posterioridade á autorización de implantación dunha ensinanza oficial se apreciase que a universidade incumpre os requisitos e compromisos adquiridos ao solicitar a súa autorización, o departamento competente en materia de universidades requirirá a universidade afectada para que, no prazo dun mes, proceda á regularización da situación.

Transcorrido ese prazo sen que a universidade efectuase tal regularización, logo de audiencia desta e informe do Consello Galego de Universidades, a consellería competente en materia de universidades procederá a acordar a súa revogación.

2. As universidades, logo de ser autorizadas a implantar estudos, quedarán obrigadas a adoptar as garantías precisas para que non se demore a súa impartición máis aló dun curso académico.

Transcorrido un curso académico sen impartir unha titulación, o departamento competente en materia de universidades, requirirá a universidade para que, no prazo dun mes, xustifique debidamente as razóns excepcionais que deron lugar a tal circunstancia. Á vista da documentación achegada, o departamento competente en materia de universidades poderá autorizar, de xeito excepcional, a non impartición da titulación durante outro curso académico.

A non impartición da titulación máis aló de dous cursos académicos consecutivos levará consigo o inicio do procedemento de revogación regulado nesta orde.

3. A extinción dos plans de estudos e a supresión das ensinanzas universitarias oficiais determinará a revogación da correspondente autorización de implantación.



Disposición derradeira primeira.

Facúltase o titular do departamento competente en materia de universidades para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2012.

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I**Memoria xustificativa (artigo 5.1.a)***** Requisitos xerais:****I. Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma.**

- Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación).
- Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG.
- Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación á especialización deste.

II. Mercado laboral.

- Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta.
- Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia.
- Medidas previstas para o fomento do espírito emprendedor e o autoemprego dos egresados.

III. Demanda.

- Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade.



– Descrición de medidas previstas para a revisión da titulación motivada por cambios na demanda.

IV. Non duplicidade.

– Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade.

– Acreditación da non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos).

V. Outros.

– Planificación da conexión das titulacións de grao, máster e doutoramento.

– Coherencia da titulación proposta co Plan Estratéxico da universidade propoñente.

– Innovación docente e investigadora: fomento da utilización de TIC e novas tecnoloxías.

– Incardinación en redes internacionais de calidade.

– Calquera outra motivación.

* Requisitos específicos:

• Grao.

– Acreditación do cumprimento de, polo menos, dous requisitos dos previstos no artigo 5.1 do Decreto 222/2011.

– Xustificación da previsión mínima de alumnado de novo ingreso: 50 alumnos/as nos campus da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e 45 alumnos/as nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra.

• Máster universitario.

– Acreditación do cumprimento de, polo menos, tres requisitos dos previstos no artigo 5.2 do Decreto 222/2011.

– Xustificación da previsión mínima de 20 alumnos/as de novo ingreso.

• Programas de doutoramento.

– Acreditación do cumprimento do establecido no artigo 5.4 do Decreto 222/2011.

– Xustificación da previsión mínima de 10 doutorandos.

ANEXO II



Memoria económica (artigo 5.1.b)

Xustificación da viabilidade económica:

- Análise das necesidades presentes e futuras en recursos humanos, infraestruturas e outros bens para a implantación da titulación proposta e cuantificación destas.
- Xustificación da orixe dos recursos necesarios.

